



## Vive un Nadal cheo de novidades!

O Nadal xa está a chamar ás nosas portas e a Oroso chega cargado de actividades, case todas de balde e para todos os gustos e idades. O **programa** combina propostas tradicionais con varias novidades, moitas delas en colaboración co sector comercial e hostaleiro orosán. É o caso do **I Concurso de Escaparates de Nadal**, que terá lugar entre o 14 de decembro e o 6 de xaneiro, ou da campaña de **recollida de alimentos**, produtos de hixiene persoal e do fogar, que este ano se suma á iniciativa **En Reis, ningunha nena nin neno sen regalos**. E o venres 23 celebraremos o **Mercado de Artesanía** nas rúas Xuncal e Lengüelle e aberto á participación da veciñanza, que só ten que anotarse no Centro Cultural para ter o seu posto.

Outras novidades chegan da man do deporte, como o primeiro **Torneo de Pádel Xuventude**, que terá lugar nas mañás do 29 e 30 de decembro; ou dúas ofertas de conciliación: o **I Campus de Nadal da ED Xuventude de Oroso**, do 26 de decembro ao 5 de xaneiro, e o **Nadal sobre Rodas en Familia**, do Club Patín Oroso do 26 ao 30 de de-



cembro. Nos tres casos, inscricións no centro deportivo de Sigüeiro.

A participación da veciñanza será quen decida se estas actividades volven repetir o ano que vén, como acontece coa excursión **Birlos e patinaxe sobre xeo** (luns 26), o **Concerto de Nadal da Aula de Música** (venres 20) ou **Imos Cantar os Reis** (3 de xaneiro), obradoiro que inclúe a construción dos instrumentos e a saída a cantar polos establecementos da contorna para pedir o aguinaldo. Tamén haberá tempo

para a maxia co **Mago Linaje** e La magia de la Navidad (venres 28) e o teatro, con Gretel e bela, de **Teatro da Semente** (xoves 22).

Canda estas novidades repiten os clásicos destas datas: o concurso de postais de **Nadal con Mensaxe**, o **Belén vivente** da gardería A Ulloa (venres 16), o **Festival do CRA** e as visitas dos **Paxes Reais** (mércores 21), o **baile de Nadal para maiores** (sábado 27), o **concerto de Panxoliñas** (venres 23), a gran **Cabalgata de Reis** (5 de xaneiro) ou os **obradoiros de Nadal** (xoves 29) e de **Carbón de Reis** (4 de xaneiro). Todas as actividades son de participación gratuíta e libre, salvo nos obradoiros nos que é preciso anotarse no centro cultural.

E todo sen esquecer o **Christ-mas Camp 2016**, programa de conciliación para 11 días e que custará de 60 a 80 euros; e o programa de **animación á lectura**: contacontos (sábados 3 e 17), club de lectura (venres 23) e Rebotica dos Contos (venres 30). Inscricións e máis información no centro cultural (981 690 903) e [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com).



Descarga a APP no teu móbil dende [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com), envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





Sinatura dos convenios de colaboración

## O Concello asina convenios de colaboración con todas as entidades deportivas



O alcalde Manuel Mirás, e o concelleiro de Deportes, Luís Rey, asinaron **convenios de colaboración** con representantes de todas as entidades deportivas do municipio, onde hai máis de 1.200 veciños e veciñas practicando algunha modalidade deportiva: fútbol (ED Xuventude Oroso, Sigüeiro FC e Oroso Fútbol Sala), tenis de mesa (Oroso Tenis de Mesa e Tenis de Mesa Espedregada), ciclismo (Tambre Bike), béisbol (Club Leones), Patinaxe (Club Patín Oroso), taekwon-do (Taekwon-do ITF Oroso), ximnasia (Ximnasia Oroso), baile (Club Deportivo Alecrín), xadrez (Xadrez Oroso), rallies (Oroso Motor Sport) e hípica (Club Hípica Oroso). Concello e clubs cooperarán na organización de actividades formativas, recreativas e competitivas, fomentando sobre todo o deporte de base. O Concello colaborará na promoción dos distintos deportes a través dos centros de ensino e achegará as instalacións axeitadas para levar a cabo as actividades.




## O Concello aumenta ata os 75.000€ as achegas ás entidades veciñais, culturais e deportivas

O Concello vén de conceder **75.875 euros en axudas** a 28 entidades de participación cidadá, asociacións educativas, clubs e escolas deportivas, entidades de asistencia social e voluntarios de Protección Civil que desenvolven a súa actividade en Oroso. Nos últimos tres anos, o Concello incrementou as súas achegas nun 42,89%, tempo no que se pasou de 15 a 28 entidades. Especialmente destacado é o caso do deporte, onde as achegas medraron un 209% nos últimos catro anos.

## En marcha dúas campañas solidarias para recollida de alimentos e compra de xoguetes



O Concello vén de poñer en marcha dúas campañas solidarias a prol das familias máis desfavorecidas do municipio, nas que conta coa inestimable colaboración do tecido comercial e empresarial orosán. Así, ata o 22 de decembro podes doar cartos nalgunha das huchas nos 90 comercios adheridos. Con eles mercaremos xoguetes para esas familias. E ata o 31 de decembro podes doar alimentos, produtos de hixiene persoal e do fogar nos supermercados Familia e Covirán.





## O Concello fai obras de mellora na gardería da Ulloa e na unitaria de Vilacide

O Concello está a acometer obras de mellora na gardería municipal da Ulloa e na unitaria de Vilacide, nas que inviste uns 30.000 euros. A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, explica que "na Ulloa melloraremos as condicións de aillamento térmico da gardería, ao tempo que facemos varios arranxos no interior e cambiamos a área de xogos, que dotaremos de novos equipos que substituirán aos actuais, que se atopan deteriorados polo seu uso". En Vilacide, os traballos consistiron en acondicionar a planta superior da escola para ser utilizada polo alumnado de maior idade e arranxar o baño. O alcalde Manuel Mirás pensa que "a escola debe ser a mellor casa da parroquia e dende o Concello seguiremos traballando para que o Centro Rural Agrupado sega funcionando tan ben como ata o de agora, porque cremos que os nenos nos primeiros anos da súa vida onde mellor están é nunha escola preto das súas casas". Ademais, adianta que o próximo curso se arranxará a unitaria de Deixebre.



## Convocado o Concurso de Escaparates "Este Nadal merca nos negocios locais"



Baixo o lema "**Este Nadal merca nos negocios locais**", o Concello pon en marcha unha campaña de promoción do pequeno e mediano comercio "para incentivar as compras nos negocios do municipio nestas datas de Nadal", explica o concelleiro de Comercio, Antonio Leira. Os comerciantes terán ata o 14 de decembro para presentar a súa candidatura, mentres que seredes vós quen decidirán os gañadores a través dunha votación no Facebook do Concello. Entre os participantes sortearase unha cea para dúas persoas.



## O Concello asfalta a rúa da Tosca, Vilanova, Vilacide de Abaixo e Vilarelle

O Concello investiu máis de **92.000 euros en asfaltados** na rúa da Tosca (Sigüeiro) e nos lugares de Vilanova e Vilacide de Abaixo (Oroso) e Vilarelle (Villarromariz). "No caso de Vilanova e Vilarelle son vias dentro dun núcleo de poboación que estaban sen pavimentar, mentres que na rúa da Tosca e en Vilacide de Abaixo trátase dun deterioro polo paso do tempo, se ben aproveitaremos as obras para canalizar as augas da choiva", explica Eduardo Veiras, concelleiro de Obras.



**FOI NOTICIA...**



**Oroso foi un clamor contra a violencia de xénero**

Como a educación en igualdade é a base para acabar coa violencia de xénero, a programación especial do Concello de Oroso co gallo do 25 de Novembro tivo como destinatarios a máis de 200 nenos e nenas dos distintos centros educativos do municipio. Os pequenos asistiron a unha sesión teatral de "Iriña bailarina", a cargo de Ghazafellos, na que lles plantexaron cuestións

como a igualdade de xénero, os estereotipos sociais ou o cambio de roles. Despois trasladáronse ata a Praza do Concello, onde despregaron un gran **lazo violeta** contra a violencia de xénero. A concelleira da Muller, María del Carmen Liste, leu un **manifesto oficial** contra a violencia de xénero, diferente ao aprobado en pleno xa que estaba adaptado ás idades dos pequenos.



O certame de **novos valores** reuniu a 19 artistas orosáns nunha exposición no centro cultural. Un deles, elixido por votación popular, representará a Oroso como convidado na próxima edición do certame GoisOrosoArte.



O Outono Cultural pechouse cun balance moi positivo, tanto pola calidade das actuacións como pola gran participación acadada, sobre todo nas representacións teatrais e iniciativas como o espectáculo para bebés "A alfombra máxica".



Máis dun cento de persoas ateigaron o centro cultural na **presentación** de "Una jaula de chiflados", terceiro libro do veciño Constantino Cuesta Ibáñez, que foi presentado polo alcalde Manuel Mirás nun acto no que actuaron os irmáns Smeu.

**Axenda: Decembro**

**1** - Apertura inscricións Concurso de Escaparates.

**2** - Fin da exposición dos novos valores. Centro Cultural.

**3** - Contacontos para nenos de 3 a 9 anos. Ás 11:00 horas na biblioteca.

**13** - Martes saudables. Musicoterapia. Ás 17:00 h, centro da terceira idade.

**14** - Fin do prazo de inscrición no Concurso de Escaparates.

**15** - Fin do prazo de presentación do concurso de postais de Nadal.

**16** - Belén vivente da gardería municipal A Ulloa. 18:00 h, centro cultural.

**17** - Contacontos para nenos de 3 a 9 anos. Ás 11:00 horas na biblioteca.  
- Baile de Nadal para maiores. 19:30 h. Grupo Chanel.

**21** - Festival do CRA. Centro cultural en horario de mañá.  
- Visitas dos Paxes Reais ás garderías, CRA e fogar residencial.

**22** - Inicio do Christmas Camp.  
- Teatro da Semente, "Gretel e Bela", ás 18:00 h no centro cultural.

**23** - Club de lectura. 18:00 h, biblioteca municipal.  
- Mercado de Artesanía, de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 21:00 h.  
- Concerto de Panxoliñas. 20:30 h. Centro cultural.

**26** - Inicio Campus Nadal ED Xuventude  
- Inicio Nadal sobre Rodas  
- Birlos e patinaxe sobre Xeo

**28** - Mago Linaje, "La magia de la Navidad". Ás 18:00 h, centro cultural.

**29** - Torneo de Pádel Xuventude  
- Obradoiro de Nadal, ás 17:00 h. Centro cultural (de 5 a 12 anos)

**30** - Torneo de Pádel Xuventude  
- A rebotica dos contos. 18:00 h, biblioteca municipal.  
- Concerto de Nadal da Escola de Música. 19:00 h. Centro cultural.

**E en xaneiro...**

**3** - Imos cantar os Reis, de 17:00 a 20:00 h. Centro cultural. Inscricións antes do 19 de decembro.

**4** - Obradoiro de carbón de Reis, ás 17:00 h. Centro Cultural. Inscrición previa.

**5** - Gran Cabalgata de Reis, ás 18:00 h. Recepción no Concello (18:15 h) e chegada ao pavillón (19:00 h). Para colaborar como paxe/pastorcillo, anótate no centro cultural ou no 981 690 903.